



unidade didáctica



A mestra Sharik cóntache unha morea de cousas sobre os baobabs

As árbores son importantísimas para o noso planeta. Proporcionan gran cantidade de alimento, sombra, refuxio e acubillo a moitos animais.

Ademais, as árbores son seres vivos produtores, é dicir, fabrican o seu propio alimento. Este proceso recibe o nome de fotosíntese. Durante a fabricación de alimento, as árbores absorben dióxido de carbono e desprenden o osíxeno que os seres vivos necesitamos para respirar. Así que xa sabes, non dubides en coidar e protexer as árbores, pois son fonte de vida.

En concreto, o baobab

É unha árbore moi lonxeva. Pode vivir máis de 1500 anos.

Esta misteriosa árbore é coñecida tamén como “a árbore ao revés”.

Ademais, é considerada sagrada.

Podes atopala tanto en África como en Australia.

Seis das oito especies de baobabs crecen en Madagascar.

É de folla caduca e cando está núa as súas impresionantes ramas semellan raíces.

O baobab é unha árbore de gran tamaño, mide máis de 30 metros de alto.

Ten moitísima capacidade para almacenar auga no seu tronco oco.

O froito do baobab é comestible.

Del aprovéitanse as sementes, a casca, as follas e as raíces.

O baobab ten grandes propiedades medicinais.



Xoga con Asali e descubre as marabillas que hai en Madagascar

Madagascar é unha illa incrible do sueste africano que alberga gran cantidade de especies de animais e plantas, das cales moitas delas son endémicas, é dicir, só as podes encontrar en estado salvaxe neste recuncho do planeta.

Vouche mostrar todas as marabillas que atesoura este libro. Pode que xa te fixases, ou se cadra non. Convídate a xogar comigo. Vai ser moi divertido!

Imos fisgar Sabías que...?

Madagascar é a 4.^a illa máis grande do mundo. O seu illamento permitiulle conservar a gran variedade das especies que alberga.

Hai unhas 160 especies diferentes de camaleóns en todo o mundo e a metade delas atópanse en Madagascar. Ademais da súa capacidade para cambiar de cor e camuflarse poden, deste xeito, comunicarse con outros camaleóns da súa especie. Outra das súas peculiaridades é a súa habilidade para mover os seus ollos de forma independente un do outro, isto proporciónalles un campo visual de case 360 graos.

A gandaría é o modo de vida dos seus habitantes. Tamén se dedican á agricultura.

Moitos dos animais que habitan en Madagascar optan por se camuflaren ou fuxir. A maioría dos seus animais son inofensivos.

Os animais máis perigosos de Madagascar son o fosa, tamén coñecido como “puma africano”, e o crocodilo.

Existen ata 111 especies de lémures. Son activos, rápidos e tamén moi sociables.



Imos investigar

- Cantas veces aparece o lémure no libro?
- Atopaches algún insecto pau?
- Viches algún lémure rato?
- Aparece algunha bolboreta lúa de Madagascar?
- E a coua azul? Atopáchela?
- Non esquezas o camaleón pantera. Cantas veces o viches?
- E o fosa, quedou durmido?
- Atopaches voando algunha raíña de Madagascar?
- Sabes como son os gurgullos xirafa? Proba a descubrilos.
- Ollo, o aie-aie non se atopa facilmente. Búscao.

Imos crear

- Atrévete a crear o teu “Mosaico da biodiversidade”? Podes debuxar diferentes animais e plantas de Madagascar ou facer unha colaxe con recortes de revistas ou periódicos.
- Anímaste a crear un personaxe novo para esta historia? Que aspecto tería? Como se chamaría? Seguro que vai quedar xenial.



Biodiversidade e fauna de Madagascar



coua cristado



coua azul



cacatúa



perdiz malgaxe



gurgullo xirafa



pato de Madagascar



lémure



insecto pau
xigante



aie-aie




camaleón malgaxe
xigante



lémure rato



polilla crepuscular




bolboreta lúa
de Madagascar



raíña
de Madagascar



camaleón pantera



fosa

